



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

DIA MÉRCORES 29 DE MARZO DE 2017

No SALÓN PLENOS CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:11 horas do día mércores 29 de marzo de 2017, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

46910475C JESUS MIGUEL PRADO CEA - PP
76363609K M^a ANGELES ALVAREZ CARRO - PP
79331173X NELLY IGLESIAS REY - BNG
33237699P JOSÉ MARIA PÉREZ LAGOS - BNG
44842883J OSCAR BOTANA RUA - PP
76329065T JESÚS FRANCO SÁNCHEZ - PP
76311016Y RAMÓN GARABATO BOGA - PP
34893023E MANUEL FERREIRO MARZOA - PP
45955945V LORENA SUÁREZ PARDO-BNG
76368290X JUAN CARLOS PORTOS BRA-PP

baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria- Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Os señores concelleiros declaran coñecer e aprobar o contido da acta da sesión ordinaria anterior, de data 10 de marzo de 2017.

PROPOSTAS ORDINARIAS:

2.- ASUNTO: DITAME APROBACIÓN DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRADES.-

O Alcalde- Presidente procede a dar conta do ditame da Comisión Informativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal celebrada o día 23 de marzo de 2017, co teor literal seguinte:

<<ASUNTO: **PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRADES.-**

Con data 5 de abril de 2016 recíbese no Concello de Frades con número de rexistro de entrada 278, requirimento da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de corrección das deficiencias detectadas aos efectos de completar a documentación tal e como esixe o artigo 85,7 da LOUGA.

Entre a documentación esixida requírese:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

1.- EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO:

— “(...) A totalidade das follas do plan aprobado inicialmente polo Concello deben conter a oportuna dilixencia... Cómpre revisar o documento remitido como aprobación inicial pois semella ser unha versión posterior do documento (...)”. **Achégase a versión definitiva do documento de aprobación inicial dilixenciado en tódalas páxinas.**

— “(...) Non se achegan os anuncios e publicacións do trámite de información pública (dous dos xornais de maior difusión na provincia)”. **Achégase copia compulsada da publicación nos dous xornais (Documento 1).**

— “(...) A audiencia aos municipios limítrofes (que deberá ser simultánea ao trámite de información pública) debe ser por dous meses (artigo 85.2 da LOUGA).(...)”. **Deuse audiencia novamente por dous meses aos municipios limítrofes e presentaron os Concellos de Ordes e Mesía as mesmas alegacións que presentaron no ano 2012. Unha vez celebrado o Pleno, procederá contestarlles no mesmo sentido ao que se contestou no 2012. Consta Informe do técnico redactor do Proxecto sobre o sentido favorable/desfavorable das alegacións presentadas.**

— **No requirimento esixíase a constancia dos seguintes Informes sectoriais que a data de hoxe constan no expediente en sentido favorable:**

- ❖ Informe FAVORABLE do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (Informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas), por existir pirotecnias no termo municipal. Recibido o 21-12-2016 con número de rexistro de entrada neste Concello 1373.
- ❖ Informe FAVORABLE da Comisión Galega de Protección Civil. Recibido o 29-08-2016 con número de rexistro de entrada neste Concello 792.
- ❖ Informe FAVORABLE da Dirección Xeral de Telecomunicacións e de Tecnoloxías da Información. Recibido o 28-10-2016 con número de rexistro de entrada neste Concello 1075.
- ❖ Notificación da aprobación provisional a Patrimonio da CCAA de Galicia. Consta no expediente recepción de 20-9-2016, con número de rexistro de entrada neste Concello 860.
- ❖

— No requirimento sinalábase que os informes dos *servizos técnicos e xurídicos municipais se pronuncien respecto da conformidade do Plan cos lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.*

Consta Informe Técnico de data 8 de xullo de 2016 respecto da conformidade do Plan coa calidade técnica da ordenación proxectada.

1. **Consta Informe de Secretaría- Intervención (Ref CF-16.2017), de data 21-3-2017 do TEXTO DO PXOM dende un punto de vista xurídico pronunciándose o dito Informe sobre a CONFORMIDADE DO PLAN CON RESPECTO Á LEXISLACIÓN VIXENTE (Lei 9/2002). Recolle como Anexo o Informe de data 04-02-2016.**

— “(...) Faltan as alegacións presentadas durante o trámite de información pública (...)”. **Achégase CD coas alegacións presentadas durante o trámite de información pública, dilixenciadas pola Secretaria-Interventora, e achégase Informe de Alegacións do Técnico redactor do Proxecto.**

2.- EN RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO DO PXOM DE FRADES:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15886 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Consta Documentación complementaria asinada polo Técnico redactor do Proxecto, que comprende:

- 1.- DVD que contén a documentación cartográfica do PXOM en formato vectorial (DGN).
- 2.- No mesmo DVD anterior inclúense os planos de ordenación da parroquia de Aiazo, que por erro estaban substituídos polos de Añá.
- 3.- Memoria xustificativa da adecuación á normativa de accesibilidade con referencia expresa ao cumprimento da Lei 10/2014. A tal efecto, xunto co informe, apórtase nova redacción do punto 3.4.2 da memoria. Este punto tamén se incorpora ao documento que figura no DVD que se aporta co presente informe.
- 4.- Procédese a eliminar dos listados o núcleo de Camposa, incluído por un erro.
- 5.- Procede aportar a documentación facilitada pola Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal ao respecto dos incendios que tiveron lugar no Concello nos últimos anos, en concreto dende o ano 1997. Esta documentación entrégase anexa ao informe e se incorpora no DVD que tamén se aporta.
- 6.- Engádesse un punto ao final do Informe ou memoria de sostibilidade económica ao respecto da suficiencia do solo destinado a usos produtivos.

Logo de ver a documentación que antecede a esta proposta, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO, previo Ditame favorable, no seu caso, da Comisión Informativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM):

Primeiro: Aprobar a documentación complementaria requirida pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, coa corrección das deficiencias detectadas e considerar a documentación completa tal e como esixe o artigo 85,7 da LOUGA.

Segundo: Estimar a alegación de Ordes, e desestimar a alegación de Mesía co contido que consta no Informe do técnico redactor do Proxecto, e no mesmo sentido que se fixo no 2012. Notificar o contido do dito Informe e o contido deste acordo aos Concellos de Ordes e Mesía.

Terceiro: Notificar o contido deste acordo á Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, xunto coa copia cotexada da documentación complementaria requirida, e xunto cos orixinais, no seu caso. (...)"

Logo de ver que asistiu como invitado á Comisión Informativa Don José Isidro López Yáñez que explica o contido da documentación adicional técnica, e procede a dar lectura aos informes de contestación ás alegacións dos Concellos de Ordes e Mesía co teor literal seguinte:

" (...) EQUIPO REDACTOR DO PXOM DE FRADES Ó TRÁMITE DE AUDIENCIA REALIZADO Ó CONCELLO DE MESÍA.

O Concello de Mesía no trámite de audiencia do proceso de exposición ó público do PXOM de Frades, emitiu informe en data de 13 de maio de 2016, con rexistro de entrada nº 426 de 19 de maio de 2016.

O mencionado informe elaborado polo servizo de urbanismo do Concello de Mesía sinala unha serie de discrepancias existentes entre o límite municipal que figura no PXOM de Mesía e o de Frades, e que se pon de manifesto, principalmente na zona da Capela de San Lourenzo e nos núcleos rurais de Pereiruga- Corredoiras e Reboredo.

O informe tan so incide nas discrepancias, sen aclarar cales son os criterios segundo os que se fixou o límite do PXOM no concello de Mesía

Logo de comprobar a cartografía do PXOM de Mesía resultou existen importantes contradición entre este o que fixado polo Instituto Xeográfico Nacional na cartografía elaborada a



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

escala 1/25.000.

Tendo en conta esta cuestión procede manter o límite proposto no PXOM de Frades posto presenta maiores coincidencias co fixado polo Instituto Xeográfico Nacional. (...)

“ (...) INFORME DO EQUIPO REDACTOR DO PXOM DE FRADES Ó TRÁMITE DE AUDIENCIA REALIZADO Ó CONCELLO DE ORDES.

O Concello de Ordes no trámite de audiencia do proceso de exposición ó público do PXOM de Frades, formulou alegación en data de 21 de xuño de 2016, con rexistro de entrada nº 571 de 23 de xuño de 2016.

A mencionada alegación acompáñase dun informe técnico elaborado polos servizos de urbanismo municipais que resulta ser copia do emitido polos mesmos servizos en data de 20 de xuño de 2012.

No procedemento de resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición ó público de maio de 2012, xa se informou esta mesma alegación, para o cal se transcribe na súa totalidade no presente informe:

RESUMEN DA ALEGACIÓN:

Solicita a modificación do límite municipal, tal e como se sinala nos planos adxuntos do Instituto Xeográfico Nacional.

ANÁLISE DA ALEGACIÓN:

Vista a alegación presentada, así como constatados os datos nela expresados, procede estimala, e consecuentemente incorporar o límite municipal do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Ordes e Frades.

INFORME DA ALEGACIÓN:

Visto o que antecede procede informar FAVORABLEMENTE a alegación presentada

Tendo en conta o anterior o límite municipal co concello de Ordes xa foi modificado no documento aprobado provisionalmente para adaptalo ó fixado polo Instituto Xeográfico Nacional na súa cartografía a escala 1/25.000.(...)”

Tras as deliberacións oportunas, a Comisión Informativa do Plan Xeral de Ordenación Urbana, co seguinte detalle de votacións:

Votos a favor:

2 BNG

5 PP

proponlle ao Pleno do Concello o seguinte:

ACORDO:

Que se informe favorablemente a PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRADES, en todos os seus termos, así como os informes de contestación ás alegacións dos Concellos de Ordes e Mesía.>>

Tralas deliberacións oportunas, con 11 votos a favor, o Pleno ACORDA por unanimidade aprobar o ditame favorable da Comisión Informativa do PXOM nos seus mesmos termos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

3.- ASUNTO: DITAME APROBACIÓN DO PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO 2017 (PLAN

2018-2020).-

O Concelleiro do grupo municipal do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa procede a dar lectura ao ditame emitido pola comisión Comisión Informativa Especial de Contas o día venres 24 de marzo de 2017, co teor literal seguinte, insistindo na prudencia con respecto á orzamentación dos tres vindeiros anos:

<<PROPOSTA ALCALDÍA Á COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS E PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO 2017(PLAN

2018-2020).-

Por esta Alcaldía procédese a dar conta do Decreto nº 67/2017 de data 15 de marzo de 2017, co teor literal seguinte:

<<**Descrición decreto:** APROBACIÓN DO PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO 2017(PLAN 2018-2020)

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Logo de ver o expediente para a aprobación do Plan Orzamentario a medio prazo para o 2017 (Plan 2018-2020), e a tenor do disposto no artigo 29 do da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en relación ao expediente de aprobación do Plan Orzamentario a medio prazo para o período 2017-2020, e tendo en conta os Informes de Secretaría e Intervención que constan no expediente emito a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Orzamentario a medio prazo (Marco orzamentario) para o período 2017-2020, co seguinte contido:

MEDIDAS DO ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO 1. En canto ao gasto de persoal, o importe global previsto para o período 2017-2020 ascende a 417.385,97 euros en 2018, 2019 e 2020 o que supón unha constante con respecto ao consignado no Orzamento do exercicio anterior, posto que serán as Leis de Orzamentos Xerais do Estado de cada exercicio as que determinen as correspondentes subas ou conxelación dos gastos de persoal así como a porcentaxe que no seu caso corresponda.

Este importe consolida un persoal de 9 efectivos que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, laboral temporal así como o persoal eventual [acudirase á respectiva LPGE a efectos de oferta de emprego público e reposición de efectivos]

CAPÍTULO 2. Facendo un esforzo de contención de gasto en bens, servizos e transferencias correntes, prevese que no Orzamento Municipal para o período 2017-2020, para este tipo de gastos,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

exista un crédito por importe de 934.728,86 euros en 2018, 944.076,14 euros en 2019 e 953.516,91 euros en 2020, o cal supón un (incremento global) aproximadamente do 1% con respecto a este mesmo gasto no Orzamento Municipal do exercicio inmediatamente anterior.

O total dos créditos orzamentarios previstos por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes neste Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles á Corporación.

CAPÍTULO 3. Os gastos financeiros recolleitos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses e gastos dos préstamos contratados pola Entidade. En concreto prevense 1000 euros para os exercicios 2018, 2019 e 2020 igual que con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio inmediatamente anterior, consecuencia das actuais condicións dos mercados financeiros, e consecuencia de que dende o exercicio 2017 xa non temos débedas a longo prazo con entidades de crédito.

CAPÍTULO 4. As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes (fundamentalmente son para servizos sociais e culturais).

Prevense créditos por importe de 126.000,00 euros en 2018, 2019 e 2020. Este capítulo non experimenta [incremento/decremento] con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio inmediatamente anterior.

CAPÍTULO 6. Prevese no Estado de Gastos do Orzamento de 2018 investimentos reais por un importe de 583.965,92 euros en 2018, 589.805,58 euros en 2019 e 595.703,64 euros en 2020, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital e con recursos propios.

Desta forma, estes créditos experimentan un [incremento/decremento] global aproximadamente do 1% respecto ao Orzamento Municipal do exercicio inmediatamente anterior.

Non se prevén créditos para os capítulos 7 (transferencias de capital), 8 (activos financeiros) e 9 (pasivos financeiros) do Estado de Gastos.

MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

Por prudencia, establécese unha previsión de ingresos para o 2018, 2019 e 2020 igual (sen variacións) á previsión de dereitos recoñecidos para o exercicio 2017.

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Prevese que os ingresos que proveñen destes impostos ascendan a:

- 437.000,00 euros por IBI rústica e urbana.
- 24.152,11 euros por IAE.
- 138.000,00 euros por IVTM



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Os mesmos créditos prevense no 2018, 2019 e 2020.

CAPÍTULO 2. *Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, prevese que ascendan a 45.000,00 euros en 2018, 2019 e 2020.*

CAPÍTULO 3. *Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, ascende a 140.000,00 euros en 2018, 2019 e 2020.*

Esta cifra de ingreso calcúlase tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercicio actual e as modificacións aprobadas polo Pleno desta Corporación, relativas ás cotas e incremento de tarifas recollidas nas Ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.

CAPÍTULO 4. *O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, prevese igual na súa totalidade ao previsto no exercicio anterior.
Prevese polo tanto para o 2018, 2019 e 2020:*

*1.165.618,71 euros total transferencias correntes das cales:
485.340,24 euros corresponde á Participación en tributos do Estado.
Resto de Transferencias correntes: 680.278,47 euros*

CAPÍTULO 5. *Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles, prevese que ascendan a 500 euros en 2018, 2019 e 2020.*

Isto suporía un non [incremento/decremento] respecto ao ingreso consignado no Orzamento do exercicio anterior.

CAPÍTULO 6. *Os alleamentos de investimentos reais comprenden os ingresos polas transaccións das parcelas. Non se prevén no 2018, 2019 e 2020.*

CAPÍTULO 7. *O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos, calculado en base ás subvencións solicitadas que se prevé concédanse, ascenderá a 231.174,89 euros en 2018, 2019 e 2020.*

Isto suporía un non [incremento/decremento] respecto ao ingreso consignado no Orzamento do exercicio anterior.

CAPÍTULO 8. *Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos.*

Non se prevén.

CAPÍTULO 9. *Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.*

Non se prevén.

SEGUNDO. *Achégase como Anexo a esta resolución da documentación prevista legalmente, que deberá ser remitida antes do 15 de marzo a través da plataforma da Oficina Virtual para a*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15666 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

coordinación financeira das Entidades Locais (AUTORIZA), ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local).

TERCEIRO. Que se remita informe do Plan Orzamentario a medio prazo á Comisión Informativa de Facenda desta Entidade Local.

CUARTO. Unha vez Informado pola Comisión Informativa, que se proceda a dar conta desta Resolución ao Pleno aos efectos de que ratifique/ aprobe o seu contido.>>

Logo de ver canto antecede, proponño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Que se remita informe do Plan Orzamentario a medio prazo á Comisión Informativa de Facenda desta Entidade Local.

SEGUNDO.- Unha vez Informado pola Comisión Informativa, que se proceda a dar conta desta Resolución ao Pleno aos efectos de que ratifique/ aprobe o seu contido>>

Realizadas as deliberacións oportunas, a Comisión Informativa Especial de Contas, co seguinte detalle de votacións:

Votos a favor:

0 BNG

4 PP

Votos en contra:

0 BNG

0 PP

Abstencións

2 BNG

0 PP

proponlle ao Pleno do Concello o seguinte:

ACORDO

Que se informe favorable a efectos da súa aprobación e ratificación o Decreto de Asunto: **APROBACIÓN DO PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO 2017(PLAN 2018-2020)** nº 67/2017 de data 15 de marzo de 2017.>>

Tralas deliberacións oportunas, con 8 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación ACORDA por maioría absoluta aprobar o ditame favorable da Comisión Informativa do PXOM nos seus mesmos termos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15666 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO

4.- ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA OBRADOIRO DE EMPREGO ORDES-FRADES II (ORDE 08/02/2017), E APROBACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia de ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA OBRADOIRO DE EMPREGO ORDES-FRADES II (ORDE 08/02/2017), E APROBACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN, co teor literal seguinte:

<<Logo de ver o informe xurídico sobre o procedemento para a constitución dunha encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Ordes (Ref. CF-17.2017), así como o certificado de consignación orzamentaria expedido pola Secretaria- Interventora que se xunta ao expediente (Ref. CF-18.2017).

Visto o interese deste Concello de colaborar na xestión compartida mediante o desenvolvemento conxunto entre o Concello de Frades e o Concello de Ordes dun programa mixto de emprego e formación, denominado “Obradoiro de Emprego Concello de Ordes-Frades II”, para o cal solicítase unha subvención ao abeiro da Orde de 8 de febreiro de 2017 (DOG nº 44 de 3 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

En virtude das atribucións que me son conferidas e vistos os artigos 22.2.f) e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno da Corporación, que na próxima sesión que se celebre, adopte o seguinte

ACORDO:

1. **Primeiro.-** Crear unha agrupación entre o Concello de Frades e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento conxunto dun programa mixto de emprego e formación: “Obradoiro de Emprego Concello de Ordes-Frades II”.
2. **Segundo.-** Aprobar a encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Ordes.
3. **Terceiro.-** Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación facultando aos Alcaldes de Ordes e de Frades para a súa sinatura.
4. **Cuarto.-** Acordar a publicación do instrumento de formación de encomenda de xestión, convenio no «Boletín Oficial» da provincia aos efectos oportunos.
5. **Quinto.-** Aprobar o Proxecto “Obradoiro de Emprego Concello de Ordes-Frades II”, e o proxecto técnico das obras “Obradoiro de Emprego Concello de Ordes-Frades II”, redactado por José Antonio Fra Feliz, arquitecto, cun orzamento de execución material de 24.500,00 euros para o Concello de Frades.
6. **Sexto.-** Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de data 08/02/2017 unha subvención para o desenvolvemento dun programa mixto de emprego e formación: “Obradoiro de Emprego Concello de Ordes-Frades II”, por importe de 279.959,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

7. **Sétimo.-** Comprometerse a procurar a inserción laboral posterior de polo menos o 10% das persoas desempregadas participantes no proxecto.
8. **Oitavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

A continuación, pola Alcaldía- Presidencia procédese a sinalas tódalas obras comprendidas no Proxecto e a explicar cada unha delas:

- 1.- “Acondicionamento do Local Social de Vedral, en Abellá, no Concello de Frades”.
- 2.- “Acondicionamento e conservación das Prazas de Añá. Moar e Pontecarreira no Concello de Frades”.
- 3.- “Acondicionamento e conservación do entorno do Local Social de Papucín no Concello de Frades”.
- 4.- “Acondicionamento e conservación da Área de Añá, no Concello de Frades”.
- 5.- “Mantemento e conservación das Áreas de “Ponte Carballa” en Abellá, “A Presa” en Ledoira (2ªFASE), e “Os Pasos” en Aiazo, no Concello de Frades.

O Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos que intervéñ para preguntar “¿Que queredes facer coas Áreas Recreativas?”.

Contesta o Alcalde- Presidente que traballos de conservación e mantemento.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos solicita que a inserción laboral quede patente e sexa rotativa, que non haxa xente que repita.

Contesta o Alcalde- Presidente que non se pode repetir, e no caso dos técnicos elíxense por un comité composto por dúas persoas da oficina de emprego, un técnico do Concello de Ordes e un técnico do Concello de Frades que aplican un baremo de méritos para a selección do persoal.

Logo de ver a proposta e, tras as deliberacións correspondentes, o Sr. Alcalde- Presidente somete o asunto a votación extraordinaria, de forma que por unanimidade dos once membros do Pleno, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

5.- ASUNTO: **APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PROXECTO DENOMINADO <<REMODELACIÓN DAS BEIRARRÚAS NA DO 3802 ORDES- PONTECARREIRA PQ.17+140 AO 17+870 (RÚA DO ENSINO)>>.-**

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía, co teor literal seguinte:



Concello de FRADES

Ciudad de Vila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

<<Logo de ver o escrito presentado con data 24 de marzo de 2017, con número de rexistro de entrada neste Concello 258, pola Asociación de Veciños Rexente de Pontecarreira, no que solicitan “ (...) o arranxo das beirarrúas da estrada provincial DP-3802 ao seu paso por Pontecarreira, dende o cruce coa N-634 ata o colexio público, en ambas marxes da estrada, xa que presenta numerosos problemas, tal e como se redacta a continuación.

1.- A falta de mantemento carrega importantes danos nas beirarrúas, tales como o levantamento de numerosas pezas de pavimento, ou incluso afundimentos en determinadas zonas, por mor dun mal asentamento ou compactado. A existencia destas fochas pode derivar en caídas, provocando danos persoais.

2.- A varanda que hai no tramo a partir da N-634 ata o colexio, non cumpre coa normativa actual, xa que é de barrotes horizontais e debería ser de barrotes verticais. Ademais de que está en mal estado.

3.- Para evitar os riscos sinalados, cómpre realizar actuacións de reparación de baldosas e recheo de fochas nas beirarrúas do tramo da estrada e a substitución da varanda.

Este tramo de beirarrúas é moi importante para todos os veciños de Pontecarreira xa que é o paso único para o colexio, polo que se desprazan todos os nenos; e tamén para a igrexa (...)

Apreciada a necesidade xurdida no Municipio de levar a cabo as obras de “ Remodelación das beirarrúas na Rúa do Ensino deste Concello, encargouse o Proxecto por esta Alcaldía que se presentou no Concello o 24-3-2017, Proxecto denominado “ Remodelación das beirarrúas na DO 3802 Ordes- Pontecarreira PQ.17+140 ao 17+870 (Rúa do Ensino)”, de data marzo de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Julio C. Rojo Martínez, colexiado nº 3871.

Logo de ver o informe da Secretaria municipal sobre a lexislación aplicable e procedemento a seguir para a súa aprobación.(Ref CF 21.2017), que se incorpora ao expediente.

Examinada a documentación que a acompaña,
En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local propoño ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 ñ) da citada Lei, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o Proxecto de obras denominado “Remodelación das beirarrúas na DO 3802 Ordes- Pontecarreira PQ.17+140 ao 17+870 (Rúa do Ensino)”, de data marzo de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Julio C. Rojo Martínez, colexiado nº 3871, por importe de 198.735,29 euros.

SEGUNDO. Aprobar a solicitude á Exma Deputación de A Coruña, para que proceda a financiar o Proxecto das Obras por importe de 198.735,29 euros, ou ben que proceda á execución directa das obra.

TERCEIRO. Que se remita o contido deste acordo, e un exemplar do Proxecto á Exma Deputación de A Coruña, aos efectos oportunos, así como a copia da solicitude da Asociación de Veciños Rexente de Pontecarreira presentada con data 24 de marzo de 2017, con número de rexistro de entrada neste Concello 258.

Tralas deliberacións oportunas, o Pleno da Corporación, por unanimidade, con 11 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e do BNG **ACORDA:**

ÚNICO: Aprobar a proposta da Alcaldía en tódolos seus termos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

6.- ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO NO CONCELLO DE FRADES.-

O Concelleiro de ensino, Don Manuel Ferreiro Marzoa, procede a explicar o contido da Ordenanza e da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia de ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO NO CONCELLO DE FRADES, co teor literal seguinte:

<<Visto que por Providencia de Alcaldía de data 20 de marzo de 2017 solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para aprobar a ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO.

Visto que devandito informe foi emitido en data 20 de marzo de 2017 (Ref CF 19.2017), e visto o proxecto elaborado polos Servizos Sociais deste Concello de ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO, solicitado por Providencia de Alcaldía de data 21 de marzo de 2017 e entregado en data 24-3-2017.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía- Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO, coa redacción que a continuación se recolle:

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO DO CONCELLO DE FRADES 2016-2017

Na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Frades celebrada o día 29 de marzo de 2017 adoptouse o acordo relativo á aprobación inicial da ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO DO CONCELLO DE FRADES.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO DO CONCELLO DE FRADES cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

<<ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO.

1. OBXECTO.

É obxecto da presente ordenanza regular bases e convocatoria pública por parte do Concello de Frades para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos do ensino para o curso académico 2016-2017.

O obxectivo destas axudas é favorecer a escolarización nas familias con menos recursos económicos do Concello de Frades.

Estas axudas configúranse tanto como unha axuda de carácter económico, como de apoio personalizado para favorecer a incorporación e inserción social das persoas en risco de exclusión, que teñan ó seu coidado a menores escolarizados, para fomentar e facilitar as súas posibilidades en materia de formación.

2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Para poder beneficiarse desta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun o varios nenos/as é preciso cumprir os seguintes requisitos:

➤ Axudas para material escolar:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Frades durante a totalidade do curso lectivo.
- Cursar estudos de infantil, primaria ou secundaria
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Frades
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Frades no exercicio anterior, salvo que tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

➤ Axudas para o transporte:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Frades durante a totalidade do curso lectivo.
- Cursar estudos de bacharelato ou formación profesional (grao medio) durante a totalidade do curso lectivo.
- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Frades
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Frades no exercicio anterior, salvo que tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

3. CONTIA DAS SUBVENCÍONS.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A contía das axudas por alumno/a e curso será de 70 euros nas axudas para material escolar e de 150 euros nas axudas para o transporte escolar.

No caso de que as solicitudes concedidas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto poderá prorratearse entre as solicitudes aprobadas.

4. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase crédito na partida orzamentaria 231.48000 do Concello de Frades, por un importe de 5.000 euros.

5. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse no impreso que se inclúe como anexo I e se fora o caso o anexo II. Achegarase a seguinte documentación:

- *Copia dos DNI de todos o membros da unidade familiar.*
- *Copia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.*
- *Resguardo da matrícula do centro no que está a cursar o presente curso académico.*
- *Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2015 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda.*
- *Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).*
- *Certificación acreditativa da situación de familia monoparental (se procede).*

6. PRAZO.

O procedemento para a concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva¹. Mediante convocatoria pública iniciarase sempre de oficio de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo á convocatoria aprobada polo órgano competente que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas

Presentación das solicitudes

Lugar: *As solicitudes presentarase xunto coa documentación correspondente, no Rexistro Xeral do Concello de Frades.*

Prazo: *O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do contido íntegro desta Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.*

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando

¹ Tal e co establecido no artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

apercibido de que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámites, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Á vista das solicitudes presentadas estudaranse pola comisión avaliadora, e concederanse a tódolos solicitantes co límite na dispoñibilidade orzamentaria, que cumpran os requisitos. Poderá acordarse a distribución equitativa para atender a todas as solicitudes, por un importe inferior ó establecido, de forma motivada.

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal correspondente e a situación socio familiar determinada polo traballador social.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais e no seu caso o titor ou persoa encargado da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros, menores de 25 anos que convivan habitualmente no domicilio familiar sempre que non tiveran un contrato de traballo ou perciban recursos.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda. En cambio si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa coa que conviva o pai/nai do solicitante, se fora o caso. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial ou convenio regulado onde conste a custodia do menor.
- Consideraranse familias monoparentais as formadas por un único proxenitor con fillos menores ao seu cargo. No caso das parellas de feito, separadas ou cando ambos proxenitores consten no libro de familia ou documentos que legalmente o substitúa deben aportar documento do xulgado que outorgue a custodia ou tutela dos fillos a un dos proxenitores para ser considerados familia monoparental.

Para calcular a renda per cápita familiar sumarase a base imponible xeral e a base imponible do aforro e deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación. O resultado obtido dividirase polo número de membros computables que forman parte da unidade familiar.

No caso de familias monoparentais, para o cálculo da renda per cápita incrementarase nun 0,8 o número real de membros da unidade familiar.

Se algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ó 33 %, incrementarase en 1 o número de membros da unidade familiar.

Terán dereito a esta axuda as unidades familiares que teñan a súa renda per cápita inferior ó IPREM.

8. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.

Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe da comisión avaliadora e os informes da traballadora social con proposta de beneficiarios adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as solicitudes denegadas e o seu motivo.

9. OBRIGAS E DEREITOS DOS BENEFICIARIOS.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15666 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- Ser tratados co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- Acceder á axuda en condicións de igualdade e non discriminación.
- O tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Os beneficiarios destas axudas están obrigados a:

- Estar empadroados no Concello de Frades. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello.
- Asistir ás clases con regularidade durante todo o curso académico.
- Destinar a axuda ó fin para o que lle foi concedida.
- Permitir e facilitar a labor do traballador social para verificar a súa situación familiar e económica.
- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderá dar lugar á suspensión do pagamento da axuda ou ó seu reintegro.

10. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.

Unha vez concedida a subvención, procederase á súa notificación a todos os solicitantes nun prazo máximo de un mes dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes. No caso de non ser notificada a resolución dentro de dito período, a petición considerárase desestimada.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

11. PRAZO DE PAGAMENTO.

A subvención terá carácter prepagable e realizarase aos representantes legais dos beneficiarios/as. O prazo de pagamento será dun mes dende a súa concesión por acordo da Xunta de Goberno Local.

12. XUSTIFICACIÓN.

O prazo para presentar a documentación xustificativa finalizará o 30 de setembro de 2017.

Os representantes legais dos/as beneficiarios/as, estarán obrigados a presentar seguinte documentación xustificativa:

Para axudas so transporte escolar:

- a) Certificación do colexio onde se atope matriculado o estudante nos termos do apartado 9.
- b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. No suposto de non presentala, entenderase que o beneficiario non obtivo ningunha.

Para axudas de material escolar:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- a) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.
- b) Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas Administracións Públicas ou entes públicos ou privados.
- c) Certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ao Concello de Frades a obter esta documentación.

A documentación será revisada pola traballadora social quen emitirá un Informe dando a conformidade, ou declarando que a documentación xustificativa está incompleta. Neste caso concederá un prazo de dez días para a súa subsanación, e transcorrido ese prazo sen proceder á subsanación procederá a incoación por decreto da Alcaldía do expediente de reintegro de subvencións.

O Informe da traballadora social elevaráse á Intervención municipal que fiscalizará o expediente unicamente comprobando os seguintes extremos (fiscalización previa limitada aprobada nas BEO 2017):

- a) Órgano competente
- b) Crédito orzamentario adecuado e suficiente
- c) Que consta o Informe da traballadora social, no que se indique detallada e motivadamente que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade, e que os beneficiarios se atopan ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social. O ámbito da fiscalización limitada na comprobación deste extremo poderase ampliar mediante o exame detallado da documentación xustificativa da mesma cando, a xuízo da Intervención municipal, a contía da subvención ou outras circunstancias concorrentes así o xustifiquen.
- d) Que a xustificación se produza dentro de prazo.
- e) En caso de realizarse pagos a conta ou pagos anticipados, que os mesmos están previstos na normativa reguladora da subvención.
- f) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que os beneficiarios non son debedores por resolución de procedencia de reintegro.

13. REINTEGRO.

Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- A non xustificación da subvención segundo o disposto no artigo 12 desta Ordenanza.
- Demais supostos previsto no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas ou a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

Procederá a revogación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- *Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.*
- *Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Frades.*
- *Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.*

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

14. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións.

15. NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Frades, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

Disposición final.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de 15 artigos e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o -----

-----o0o-----

SEGUNDO. *Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.concellodefrades.es>].



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

TERCEIRO. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.>>*

Unha vez finalizada a lectura, o concelleiro de ensino explica que se incrementa a partida orzamentaria con respecto ao exercicio anterior, e ademais inclúese unha maior puntuación ás familias monoparentais e ás persoas con discapacidade.

O Alcalde- Presidente concede á palabra á concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Nelly Iglesias Rey que intervéen para preguntar se poden solicitar a axuda as mesmas persoas que o ano pasado. O concelleiro de ensino resposta que si.

A Continuación Dona Nelly Iglesias Rey pregunta cantas solicitudes houbo o ano pasado. O concelleiro de ensino sinala que 31 para material escolar e 10 para transporte escolar que foron concedidas, e tres solicitudes máis que foron denegadas. A base fundamental para a concesión destas axudas explica que é o IPREM.

A continuación intervéen o Alcalde- Presidente para explicar que “...dos concellos da zona somos moi poucos os que concedemos estas axudas. Queremos complementar as axudas da Xunta de Galicia.”

Finalmente o Alcalde- Presidente concede a palabra AO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO bng, Don José María Pérez Lagos que sinala que “*Benvidas sexan todas as axudas á educación*”.

Logo de ver a proposta da Alcaldía- Presidencia e, tras as deliberacións correspondentes, o Sr. Alcalde- Presidente somete o asunto a votación extraordinaria, de forma que por unanimidade dos once membros do Pleno, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

7.- ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FRADES.-

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 20 de marzo de 2017 solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para aprobar o REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FRADES.

Visto que devandito informe foi emitido en data 21 de marzo de 2017 (Ref CF 20.2017), e visto o proxecto do REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FRADES, entregado en data 24-3-2017.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía- Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15886 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o **REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FRADES**, .coa redacción que a continuación se recolle:

<< **REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FRADES**

Artigo 1.

Os ficheiros do Concello de Frades nos que se conteñen e procesan datos de carácter persoal son os que están recollidos neste regulamento.

Artigo 2.

Crearanse os seguintes ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Frades.

PADRÓN DE HABITANTES
PERSOAL
XESTIÓN ECONÓMICA
CONTRATACIÓN
LICENCIAS E AUTORIZACIÓNS
REXISTRO DE INTERESES MEMBROS DA CORPORACIÓN
RESPONSABILIDADE ADMINISTRATIVA
ELECCIÓNS
MEDIOAMBIENTE
OFICINA DE INFORMACION XUVENIL
CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER - CIM

Artigo 3.

Os ficheiros incluídos no ámbito da Lei Orgánica 15/1999, creados antes da aprobación deste regulamento manteranse ou serán suprimidos.

Mantéñense:

- 1.- Actividades e Cultura.
- 2.- Asociacións.
- 3.- Servizos Sociais.
- 4.- Axentes de Promoción Económica.
- 5.- Urbanismo e Catastro.
- 6.- Emprego
- 7.- Biblioteca.
- 8.- Rexistro de Animais especialmente perigosos.
- 9.- Formación.
- 10.- Participantes en accións de promoción do emprego.
- 11.- Subvencións
- 12.- Traballos comunitarios
- 13.- Rexistro de entrada e saída



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Serán suprimidos:

- 1.- Ficheiro de Datos tributarios, e rexistrarase un novo ficheiro actualizado denominado Xestión Económica.
- 2.- Ficheiro de Datos económico contables, e rexistrarase un novo ficheiro actualizado denominado Xestión Económica.
- 3.- Ficheiro de Nóminas e persoal, e rexistrarase un novo ficheiro actualizado denominado Persoal.

Artigo 4.

A titularidade da responsabilidade dos ficheiros corresponderá directamente ao Concello de Frades.

Artigo 5.

Poderán exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nas inmediacións do Concello de Frades.

No Concello facilitaranse formularios para realizar a solicitude mediante escrito, que deberá ir acompañado dunha copia do seu DNI

Artigo 6.

Dando cumprimento ao artigo 20.2 da Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal, indícase, en relación aos ficheiros de nova creación: finalidade do ficheiro e usos previstos para o mesmo, as persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo, os destinatarios de cesións, as medidas de seguridade con indicación de nivel básico, medio ou alto esixible e o sistema de tratamento de datos de carácter persoal.

NOME DO FICHEIRO	PADRÓN DE HABITANTES
FINALIDADE DO FICHEIRO	Padrón de habitantes
INTERESADOS	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Data de nacemento, lugar de nacemento, Académicos e profesionais
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Instituto Nacional de Estatística, Órganos da Administración do Estado, de Comunidade Autónoma que necesiten datos do padrón de habitantes para realizar notificacións de ausentes, órganos xudiciais
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	PERSOAL
FINALIDADE DO FICHEIRO	Recursos Humanos, Xestión de nóminas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15666 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

INTERESADOS	Empregados
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal, Administracións Públicas
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, Teléfono, Nº Seguridade Social, Firma, Características Persoais, Académicos e profesionais, Detalles do emprego, Económicos, financeiros e de seguros, Transaccións de bens e servizos
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Organismos da Seguridade Social, Facenda Pública e Administración Tributaria, Órganos de Comunidade Autónoma, en concreto: Xunta de Galicia: Presidencia, traballo e Benestar, Órganos da Administración de Estado: INEM.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	XESTIÓN ECONÓMICA
FINALIDADE DO FICHEIRO	Xestión contable, fiscal e administrativa
INTERESADOS	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, teléfono, Económicos, financeiros e de seguros, Transaccións de bens e servizos
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Facenda Pública e Administración Tributaria, Tribunal de contas, Concellería de contas, Órganos de Comunidade Autónoma: Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Bancos, caixas de aforro e caixas rurais
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Medio
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	CONTRATACIÓN
FINALIDADE DO FICHEIRO	Xestión de contratación de obras e/ou servizos para o Concello
INTERESADOS	Cidadáns e residentes, provedores
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, dirección, Teléfono, Firma, Características persoais, Circunstancias sociais, Académicos e profesionais, Económicos, financeiros e de seguros, Transaccións de bens e servizos
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Tribunal de contas, Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Facenda, Outros Órganos de Comunidade Autónoma: Concellería de contas, Entidades Aseguradoras
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

NOME DO FICHEIRO	LICENZAS E AUTORIZACIÓNS
FINALIDADE DO FICHEIRO	Xestión de licenzas de apertura, de obras, feiras ou actividades culturais, procedemento administrativo
INTERESADOS	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, teléfono, N° Seguridade Social, Firma, Circunstancias sociais, Académicos e profesionais, Detalles do emprego, Económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Instituto Nacional de Estatística, Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Fomento, Delegación de Goberno, Órganos de Comunidade Autónoma: Xunta: Concellería de Medio, Territorio e Infraestruturas, Deputación Provincial, Garda Civil, SGAE.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	REXISTRO DE INTERESES MEMBROS DA CORPORACIÓN
FINALIDADE DO FICHEIRO	Xestión e control de choque de intereses dos membros da corporación
INTERESADOS	ciudadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Características persoais, Circunstancias sociais, Académicos e profesionais, Económicos
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	-
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	RESPONSABILIDAD ADMINISTRATIVA
FINALIDADE DO FICHEIRO	Resarcir aos particulares das lesións producidas nos seus bens e dereitos polo funcionamento do Concello
INTERESADOS	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, Teléfono, Asina
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Outros Órganos de Comunidade Autónoma: Xunta: Consello Consultivo, Entidades Aseguradoras
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	ELECCIONS
FINALIDADE DO FICHEIRO	Selección dos membros das mesas electorais e xestión administrativa das eleccións
INTERESADOS	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	Administracións Públicas
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, dirección, Características persoais, Académicos e profesionais
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Instituto Nacional de Estatística, Órganos xudiciais, Outros Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Interior, outros Órganos de Comunidade Autónoma: Xunta: Presidencia
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	MEDIOAMBIENTE
FINALIDADE DO FICHEIRO	Xestión de denuncias en materia de medioambiente
INTERESADOS	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS	Fontes accesibles ao público, Administracións Públicas
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, Dirección, Circunstancias sociais
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Órganos Xudiciais, Órganos da Administración do Estado e de Comunidade Autónoma con competencia no medio ambiente para dar traslado das denuncias nesta materia a nivel estatal e autonómico.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Medio
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto
NOME DO FICHEIRO	OFICINA DE INFORMACION XUVENIL
FINALIDADE DO FICHEIRO	Prestar os servizos de información, orientación e asesoramento
INTERESADOS	Cidadáns e Residentes, Solicitantes
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e apelidos, DNI, dirección, teléfono, firma, detalle da reclamación
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Básico
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15666 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

NOME DO FICHEIRO	CENTRO DE INFORMACIÓN A LA MUJER - CIM
FINALIDADE DO FICHEIRO	Prestar servizo de apoio, axuda e asesoramento a mulleres en situación de exclusión, ou mulleres vítimas de violencia de xénero.
INTERESADOS	ciudadanía e Residentes
ORIXE DOS DATOS	Propio interesado ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO	Nome e Apelidos, DNI, características persoais, dirección, teléfono, firma, saúde,
DESTINATARIOS DE CESIÓNS	Garda Civil, Policía Local, Administración de Xustiza
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO	Alto
SISTEMA DE TRATAMENTO	Mixto

Artigo 7.

NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto neste Regulamento, aplicarase o disposto na L.O de Protección de datos e nas normas legais e regulamentarias de aplicación.

Disposición derogatoria

Este Regulamento derroga ao Regulamento de creación, modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Frades publicado no BOP nº 235 de 11-12-2012.

Disposición final.

Este Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este Regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O presente Regulamento consta de 7 artigos, unha disposición derogatoria e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 29 de marzo de 2017.

-----o0o-----

SEGUNDO. Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15666 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 62 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.concellodefrades.es>].

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.>>

Logo de ver a proposta da Alcaldía- Presidencia e, tras as deliberacións correspondentes, o Sr. Alcalde- Presidente somete o asunto a votación extraordinaria, de forma que por unanimidade dos once membros do Pleno, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14,43 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº E PRACE
O ALCALDE- PRESIDENTE

PERANTE MIN
A SECRETARIA-INTERVENTORA

Roberto Rey Martínez

Carmen Gómez Otero